



Expediente núm.: 4508/2024

Contrato: C24/9.bis Servizo de mantemento de equipos e redes informáticas

Asunto: Acta da Mesa de Contratación Permanente

Data e hora: 30.08.2024 _10:30

Lugar de celebración: Sala de Xuntas

Sendo ás 11:40 horas do día sinalado, previa convocatoria reúnen os membros da Mesa de Contratación que a continuación se indican, para o estudo e debate dos asuntos comprendidos na orde do día da convocatoria.

ASISTENTES:

Presidenta: Araceli Gestido Rodríguez –Alcaldesa

Secretaria da mesa: Paula Piñeiro Portela –TAX Apoio Xurídico a Secretaría

Vogais:

Lara Fernández Vila – Secretaria

Sergio Curra Moreira –Interventor

Antonio Iglesias Franco –Concelleiro de Urbanismo e Medio Ambiente

PRIMEIRO.- Aprobación acta

A Mesa acorda aprobar a acta nº 2024-0019 correspondente á sesión celebrada o día 16.08.2024.

SEGUNDO.- Avaliación e cualificación de documentación

Procédese a cualificar a documentación presentada por BALIDEA CONSULTING AND PROGRAMMING S.L. a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PLACSP) en resposta ao requirimento realizado pola Mesa de Contratación a través da PLACSP o día 21.08.2024. Previamente á celebración desta sesión a secretaria da mesa deu traslado da documentación ao resto de membros para o seu estudo e análise. A documentación achegada é a seguinte:

- Certificado emitido pola Axencia Estatal Tributaria (delegación especial de Galicia) de data 22.08.2024 segundo o cal “*o solicitante arriba indicado atópase ao corrente das súas obrigas tributarias*”. Certificado POSITIVO con validez de 6 meses.
- Certificado emitido pola Axencia Tributaria de Galicia de data 22.08.2024 segundo o cal “*non consta que BALIDEA CONSULTING & PROGRAMING SL teña pendentes débedas en período executivo nin aprazadas, fraccionadas ou cuxa execución estivese suspendida*”. Certificado POSITIVO con validez de 6 meses.
- Certificado de estar ao corrente no cumprimento das obrigas de Seguridade Social emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social en data 22.08.2024.
- Relación nominal de técnicos adscritos ao contrato con indicación de CVs, titulacións e





experiencia. Non consta ITA (informe de traballadores en alta nun código de conta de cotización) nin resolucións da TXSS sobre recoñecemento de alta de cada traballador, que se requirirán unha vez formalizado o contrato.

- Certificado de situación no censo de actividades económicas da AEAT correspondente ao exercicio 2024, xunto co recibo de pagamento e declaración responsable de estar dado de alta e ao corrente no citado imposto.
- Aval bancario inscrito en data 22.08.2024 no Rexistro Especial de Avais co nº de rexistro 691465 e depositado na Tesourería municipal o día 23 de agosto (nº operación 320240001154).

Examinada toda a documentación, a Mesa considera acreditado que a empresa está ao corrente coas súas obrigas tributarias (estatal e autonómica) e de Seguridade Social, que dispón efectivamente dos medios que se comprometeu a adscribir ao contrato, tendo ademais constituída garantía definitiva nos termos dos artigos 107 e 108 da LCSP, o que traslada á Xunta de Goberno Local.

TERCEIRO.- Aprobación acta

Acórdase aprobar a acta desta mesma sesión que lle corresponde o nº 2024-0024 do libro de Actas da Mesa de Contratación Permanente.

Non habendo máis puntos que tratar nin intervencións, a Presidenta dá por terminada a reunión ás 11:48 horas, e para que quede constancia do actuado a secretaria da mesa redacta a acta que asina co Vº e praxe da Presidenta.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

